MR605A - Accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais.

PRAZO: 25/02/2022 - 07/04/2022

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220224/AnuncioG0426-100222-0004_gl.html

https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR605A&ano=2022&numpub=1&lang=gl

BENEFICIARIAS/OS:

1. Serán beneficiarias as entidades locais e as **persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos obxecto de axuda**, entendendo por titulares tanto propietarios como arrendatarios ou xestores, e non se admitirá a cesión por parte do arrendatario do terreo a un terceiro.

2. Das axudas previstas nesta orde serán persoas beneficiarias as sociedades de fomento forestal (Sofor), **os propietarios particulares de forma individual**, as asociacións e agrupacións de propietarios particulares formalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, as cooperativas agrarias, os proindivisos, os proindivisos legalmente constituídos, os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, as comunidades de bens, outras persoas xurídicas, as entidades locais e as comunidades de montes veciñais en man común (en diante, CMVMC), que cumpran o establecido no punto 1. Para as actuacións incluídas no artigo 5.1.a).3º (axudas para as accións silvícolas de prevención dos danos causados nas masas de coníferas por enfermidades fúnxicas defoliadoras), tamén poderán ser beneficiarias as fundacións inscritas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego adscrito á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

LIÑAS DE AXUDA:

a) Liña I (medida Feader 8.3, axudas para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes): **axudas para realizar tratamentos silvícolas** (prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, que permitan crear descontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal e o control selectivo de combustible (**como son rozas, desmestas, rareos e podas**), coa finalidade de prevención de incendios, e as axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados nas masas de coníferas por enfermidades fúnxicas defoliadoras, e especificamente en piñeirais de piñeiro do país (Pinus pinaster), piñeiro insigne (Pinus radiata) e piñeiro negral (Pinus nigra) nas provincias da Coruña e Lugo.

b) Liña II (medida Feader 8.5): axudas para realizar tratamentos silvícolas (**rareos, desmestas, podas, cortas de formación, rozas, etc**.) e plantacións puntuais de determinadas árbores, directamente vinculadas ao incremento dos valores ecolóxicos dos bosques que non teñan carácter produtivo.

Superficie mínima:

- Para **propietarios particulares de xeito individual**: **1 Hectárea por Couto redondo.** No caso **das agrupacións** e Sofor, a superficie mínima de actuación **será de 1 hectárea**, **distribuída en non máis de 3 coutos redondos** por solicitude de axuda. Para o resto de solicitantes: **3 hectáreas nun ou varios coutos** redondos e sempre e cando a superficie mínima de **cada couto sexa de 1 hectárea**

Intensidade da axuda

A intensidade da axuda para estas **actuacións será do 100 %,** salvo para as actuacións incluídas no artigo 5.1.a).3º (axudas para as accións silvícolas de prevención dos danos causados nas masas de coníferas por enfermidades fúnxicas defoliadoras), que será do

80 %. Calcularase a axuda sobre o custo real subvencionable do investimento determinado no correspondente proxecto técnico ou no documento descritivo das actuacións recollido no anexo IV, segundo o caso e tendo en conta o anexo XII, en que figura o cadro de importes máximos subvencionables por cada tipo de actuación.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos https://sede.xunta.gal. MR605A

ANEXO XII
Cadro de importes máximos subvencionables

Actuación	Investimento total	Importe máximo subvencionable (sen IVE)
1.1. Desmestas en masas de coníferas con diámetro normal medio inferior a 15 cm, acadando unha densidade final entre 800 e 1.200 pés/ha	1.031,41	1.031,41
1.2. Trituración dos restos, picadura ou extracción para o aproveitamento como biomasa	682,68	682,68
1.3. Tope €/ha proxecto en desmestas coníferas	47,85	47,85
1.4. Desmestas en masas de coníferas con diámetro normal medio inferior a 15 cm, acadando unha densidade final entre 800 e 1.200 pés/ha, en masas onde xa se executou unha desmesta en rúa. Deberase rozar a rúa, desmestar a entrerrúa e picar e extraer os restos	1.031,41	1.031,41
1.5. Rozas das superficies que conforme os puntos c), d), e) e g) do anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que deberían estar ocupadas por especies frondosas do anexo I da lei e sexan lindeiras coas superficies de desmestas en masas de coníferas, deben rozarse na súa totalidade respectando os pés existentes de especies frondosas do anexo I da lei	515,16	515,16
2.1. Rozas en masas de coníferas (poda)	515,16	515,16
2.2. Podas en masas de coníferas, ata unha altura mínima de 2 m e máxima de 4 m e cunha densidade final máxima de 1.200 pés/ha e mínima de 500 pés/ha	605,70	605,70
2.4. Trituración dos restos, picadura ou extracción para o aproveitamento como biomasa	682,68	682,68
2.5. Tope €/ha proxecto en podas coníferas	47,85	47,85
2.6. Rozas das superficies que conforme os puntos c), d), e) e g) do anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que deberían estar ocupadas por especies frondosas do anexo I da lei e sexan lindeiras coas superficies obxecto de poda en masas de coníferas, deban rozarse na súa totalidade respectando os pés existentes de especies frondosas do anexo I da lei	515,16	515,16
3.1. Rozas	696,73	696,73
3.2. Formación de guías en que se manifeste nitidamente a dominancia apical e a poda ata 1/3 da altura como mínimo	508,40	508,40
3.3. Selección de abrochos	694,87	694,87
3.4. Desmestas	837,09	837,09
3.5. Tope €/ha proxecto en frondosas	47,85	47,85
4.1. Rozas	696,73	696,73
4.2. Podas con funxicida	661,40	661,40
4.3. Tratamento fitosanitario	131,87	131,87
4.4. Aumento da densidade dos soutos mediante a plantación de castiñeiro híbrido resistente á tinta	194,77	194,77
4.5. Tope €/ha proxecto en castiñeiros	47,85	47,85
5.1. Aplicación de óxido cuproso 75 % [WG] p/p	80.00	80,00
6.1 Rozas en masas de coníferas (piñeiros) en resinación	515,16	515,16
7. Cartel identificativo (só elixible aos solicitantes que estean obrigados á súa colocación segundo o artigo 26)	255,00	255,00